

Documento	Expediente	Fecha
CIR14I2Z1		22-09-20 13:10

Asunto
**SUSPENSIÓN DAS AUTORIZACIÓN DE
ACTIVIDADES ARTÍSTICAS 2021**

BANCA DO GOBIERNO LOCAL DE ACTUALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD
CONCELLO

15078DCIR14I2Z1Q



DECRETO.- Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2020

I.- Por Decreto de 25 de novembro de 2013, o Concelleiro Delegado de Mobilidade e Seguridade aprobou as normas que rexen as autorizacóns da celebración de actividades artísticas na vía pública promovidas por particulares, dándose conta do acordo á Xunta de Goberno Local de 28 de novembro do mesmo ano.


II.- O vindeiro ano 2021 é Ano Santo o que suporá para a cidade unha gran afluencia de pelegríns, ademais de incrementarse, tamén de xeito considerable, o numero de actividades a desenvolver na vía pública. Todo elo sumado; por unha banda, ó feito do demandado estudo e, no seu caso, modificación da regulación deste tipo de actividades artísticas que se desenvolven na vía pública, por parte dos afectados por dita normativa, determina a necesidade de levar a cabo un replanteamento destas ocupacións.

Por outra banda, con independencia do manifestado, a situación de crise sanitaria que estamos a vivir e que determinará, ainda que consigamos superala no vindeiro ano, un cambio nos hábitos de comportamento social de cautela e protección nos espazos públicos, determina tamén a necesidade de revisar a normativa aplicable a este tipo de actividades, cun carácter de certa permanencia na vía pública.

En derradeiro lugar, a constatación de que as condicións das autorizacóns concedidas non se están a cumplir, por parte dos autorizados, de xeito que non se están a respectar as quendas, horarios, localización espacial e, o que é más preocupante, a concepción conceptual do que se autoriza, pois estase a tratar dunha ocupación de uso común especial do dominio público, que non supón o exercicio dunha actividade mercantil directa, nin a prestación lucrativa de ningún servizo.

Todo elo, nos leva á necesidade de SUSPENDER a concesión de autorizacóns de ocupacións trimestral da vía pública, en aplicación da normativa que regula as actividades artísticas que se desenvolven nese espazo, promovidas por particulares; dende o primeiro trimestre do ano 2021, durante o tempo preciso para realizar o estudio e, no seu caso, a modificación destas normas.

II.- Ao abeiro do disposto no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/85 de RBRL na redacción dada pola Lei 57/2003 de medidas para a modernización do goberno local e a Lei 4/2004 do 28 de xuño do Parlamento de Galicia, que establece no seu artigo 1 a aplicación ó Concello de Santiago do disposto na legislación estatal, anteriormente sinalada, o Alcalde é competente para ditar a resolución que se interesa. Asemade, de conformidade co disposto no artigo 124 da Lei 7/85 na redacción dada pola Lei 57/03,



Documento	Expediente	Fecha
	CIR14I2Z1	22-09-20 13:10

por acordo de 17 de xuño de 2019, o Alcalde delega no concelleiro que asina a competencia que se interesa

Visto o exposto nos parágrafos anteriores; así como na Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Régime Local modificada polas Lei 11/99 do 21 de abril e na Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local e demais normativa de aplicación, especialmente o disposto na Lei 33/2003 de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e as Ordenanzas Municipais de Actividades, Instalacións e Ocupación da Vía Pública e Convivencia, Residuos e Limpeza Viaria.

RESOLVO:


SUSPENDER a concesión de autorizacións de ocupacións trimestral da vía pública, en aplicación da normativa que regula as actividades artísticas que se desenvolven nese espazo, promovidas por particulares, dende o primeiro trimestre do ano 2021, durante o tempo preciso para realizar o estudio e, no seu caso, a modificación destas normas.

Esta resolución publicarase na páxina web do Concello para xeral coñecemento e se acompañará unha copia da mesma cando se faga público o listado correspondente a este trimestre.

Notifíquese o presente decreto ós interesados e ós demais negociados, seccións e servizos correspondentes.

O CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE





Documento	Expediente	Fecha
CIR14I2Z0		22-09-20 12:59

Asunto
**AUTORIZACIÓN DE ACTIVIDADES
ARTÍSTICAS**

BESTA DO CONCELLO DE SANTIAGO DA ACTUALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD
CONCELLO

DECRETO. - Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2020

I.- Por Decreto do Concelleiro de Mobilidade e Seguridade de data 22 de xuño de 2020 acordouse:

APROBAR a modificación do artigo 8 e o Anexo 1 das Normas Reguladoras da Realización de Actividades Artísticas na Vía Pública Promovidas por Particulares, no senso indicado nesta resolución.


Tendo en conta as alegacións formuladas durante o trimestre por parte dos pintores autorizados na parede da Biblioteca na Travesa de Fonseca e os problemas que estaban a xenerarse, como consecuencia da zona de carga e descarga colindante; asemade que a Universidade xa non está a utilizar a zona de aparcamento reservada diante dos soportais de Correos en dita rúa, decidiuse modifica o emprazamento dos artistas e situálos diante de ditos soportais, nun total de tres postos, que deberán estar separados a unha distancia mínima de 2 metros entre cada un deles.

II.- Ao abeiro do disposto no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/85 de RBRL na redacción dada pola Lei 57/2003 de medidas para a modernización do goberno local e a Lei 4/2004 do 28 de xuño do Parlamento de Galicia, que establece no seu artigo 1 a aplicación ó Concello de Santiago do disposto na lexislación estatal, anteriormente sinalada, o Alcalde é competente para ditar a resolución que se interesa. Asemade, de conformidade co disposto no artigo 124 da Lei 7/85 na redacción dada pola Lei 57/03, por acordo de 17 de xuño de 2019, o Alcalde delega no concelleiro que asina a competencia que se interesa

Visto o exposto nos parágrafos anteriores; así como na Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Régime Local modificada polas Lei 11/99 do 21 de abril e na Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local e demais normativa de aplicación, especialmente o disposto na Lei 33/2003 de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e as Ordenanzas Municipais de Actividades, Instalacións e Ocupación da Vía Pública e Convivencia, Residuos e Limpeza Viaria.

RESOLVO:

APROBAR a modificación do artigo 8 e o Anexo 1 das Normas Reguladoras da Realización de Actividades Artísticas na Vía Pública Promovidas por Particulares, no senso indicado nesta



Dependencia
CIR.- Mobilidade e Seguridade Cidadá
317.- MMOBE

Sello o Certificación Mecánica

Documento	Expediente	Fecha
CIR14I2Z0		22-09-20 12:59

resolución, a respecto da ocupación na Travesa de Fonseca que pasará a situarse diante dos soportais de Correos, na mesma rúa, con un máximo de tres postos e cunha separación mínima entre eles de dous metros.

Esta resolución publicarase na páxina web do Concello para xeral coñecemento e se acompañará unha copia da mesma cando se faga público o listado correspondente a este trimestre.

Notifíquese o presente decreto ós interesados e ós demais negociados, seccións e servizos correspondentes.

O CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

Gonzalo Muíños Sánchez

